

Dous. A alínea b) do artigo 5.2 queda redactada do seguinte xeito:

«b) A primeira adquisición de animais da especie equina no caso da primeira instalación como explotación gandeira equina, incluídos reprodutores rexistrados en libros xenealóxicos ou equivalentes.»

Tres. O número 4 do artigo 5 queda redactada do seguinte xeito:

«4. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) O 40 por cento dos investimentos subvencionables, ou o 50 por cento en zonas desfavorecidas.

b) De tratarse de investimentos efectuados por mozos agricultores nos cinco anos seguintes á súa instalación, o 45 por cento, ou o 55 por cento en zonas desfavorecidas.

c) Se o investimento prevé custos suplementarios relacionados coa protección e mellora do medio, coa mellora das condicións hixiénicas das explotacións equinas ou co benestar animal, as porcentaxes do 40 e 50 por cento previstas na alínea a) poderanse aumentar 20 e 25 puntos porcentuais, respectivamente. Neste caso, só se poderán conceder para cumprir requisitos que van máis alá das normas comunitarias, nacionais ou autonómicas ou para aquelas de recente promulgación, nos termos establecidos no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.»

Catro. A alínea b) do artigo 6.2 queda redactada do seguinte xeito:

«b) Compra ou arrendamento, con opción de compra, de maquinaria, equipamentos e ordenadores, para a aplicación dos programas e sistemas documentais sinalados no parágrafo anterior.»

Cinco. A alínea h) do artigo 7.2 queda redactada do seguinte xeito:

«h) Aplicación de servizos en común e investimentos en común, como os previstos no artigo 5.2.a).»

Seis. Engádesse unha nova alínea i) no artigo 7.2, coa seguinte redacción:

«i) Alugamento de locais apropiados e adquisición de material incluídos ordenadores para a aplicación dos programas, no caso de asociacións ou agrupacións que se constituían ou que amplíen significativamente as súas actividades.»

Sete. Engádense tres novas alíneas: f), g) e h), no artigo 7.3, coa seguinte redacción:

«f) Que só agrupen produtores.

g) No caso do punto 2.d), que cumpran os requisitos previstos nos números 4 e 5 do artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1/2004, da Comisión, do 23 de decembro de 2003.

h) Non se poderán conceder subvencións despois do sétimo ano seguinte ao recoñecemento ou á constitución da asociación ou agrupación de produtores.»

Oito. O número 4 do artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«4. A contía máxima total da axuda por asociación non poderá ser superior a 100.000 euros e deberán respectar, ademais, as seguintes condicións:

a) No caso dos puntos 2.d) e 2.f), o límite das axudas non poderá superar anualmente o 50 por

cento dos custos subvencionables. En todo caso, o límite de 100.000 euros por beneficiario virá referido a un período máximo de tres anos consecutivos.

b) No caso do punto 2.e), terase en conta o disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro.

c) No caso do punto 2.g), o límite máximo será o 50 por cento do custo de cada campaña.

d) No caso do punto 2.h), o límite máximo será o 40 por cento dos investimentos subvencionables, ou o 50 por cento en zonas desfavorecidas.

e) No caso do punto 2.i), estas axudas serán temporais e decrecentes e non poderán superar o 100 por cento dos custos subvencionables ao primeiro ano, cunha redución anual de 20 puntos porcentuais, ata un máximo de cinco anos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

1220 *REAL DECRETO 1/2007, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre. («BOE» 18, do 20-1-2007.)*

A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, introduciu importantes novidades na ordenación deste mercado ata entón regulado pola Lei 38/1985, do 22 de novembro, do monopolio fiscal de tabaco, manifestadas fundamentalmente na recepción no noso ordenamento de principios liberalizadores en relación coas fases de fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco e na creación dun organismo autónomo, o Comisionado para o Mercado de Tabacos, que salvagarda a aplicación dos criterios de neutralidade no devandito mercado e as condicións de libre competencia efectiva, o que, por outro lado, se promovía desde a lei a través da regulación que efectúa das condicións de actuación no mercado retalista orientado á consagración dos devanditos principios e os de carácter sanitario evitando presións comerciais incompatibles con estes.

O Real decreto 1199/1999, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e se regula o Estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre, viuse afectado de forma ampla e directa por dúas leis aprobadas no ano 2005, como son a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, e a Lei 28/2005,

do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Por outro lado, a Lei 13/1998, do 4 de maio, foi modificada tamén no artigo 2, punto tres, e no artigo 3, punto cinco, polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos. As devanditas modificacións deben ter reflexo, pola súa vez, no referido real decreto.

É neste contexto onde procede a modificación do citado Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo.

Un dos principais propósitos deste real decreto foi integrar o disposto na Lei 28/2005, do 26 de decembro, nos aspectos da publicidade e a promoción dos elaborados do tabaco, co fin de darlles unha maior seguranza xurídica aos operadores, facilitándolles un claro marco de regulación. Tívoise para iso en conta a normativa doutras disciplinas que concorren na materia.

O título I, referido á fabricación, importación e comercio por xunto, adaptouse ás medidas establecidas na Lei 24/2005, do 18 de novembro, de impulso da produtividade como a atenuación dos requisitos de transporte, ao eliminar a exclusividade e a necesidade de rotulación e identificación externa dos medios de transporte, así como os de almacenamento, todo iso tendente a facilitar a entrada doutros distribuidores.

Así mesmo, intentouse modernizar o mercado por xunto eliminando as obrigas formais previstas no Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, buscando darlle axilidade ao sistema. Neste sentido, establécese, como regra xeral, o intercambio de ficheiros informáticos como sistema principal de relación coa Administración.

No título II, dedicado ao comercio polo miúdo dos elaborados do tabaco, sistematizouse a regulación, desenvolvéndoa, ademais, en función dos dous operadores do mercado retalista, os concesionarios de expendedorías e os autorizados para a venda con recarga. Este título requiriu concretar e integrar normativas de distinta índole, de mercado e sanitarias, que no seu conxunto supoñen numerosas regras, excepcións, disposicións de carácter transitorio e adicional. Respóndese así á necesidade de dotar dun marco de regulación axeitado ós comerciantes que decidan operar neste mercado retalista.

No dedicado ás expendedorías de tabaco e timbre, pretendeuse, de forma específica, mellorar o seu réxime xeral, na orde práctica de funcionamento, á vista da experiencia de aplicación do Real decreto 1199/1999. Incorporouse a limitación de 25 anos no prazo concesional, o que outorga dinamismo ao mercado retalista; esta medida foi culminada pola regulación da transmisión das expendedorías fóra do sistema causalista e pechado anterior.

Así mesmo, tendo en conta a incidencia da Lei 24/2005 sobre as posibles transmisións de expendedorías, que fai factible o embargo e posterior transmisión entre particulares, mentres que, respecto a débedas coa Facenda pública, a súa concorrencia suporía a revogación da concesión, o que incidiría de forma directa no cobramento das débedas existentes, introduciuse unha modificación no artigo 26, que pretende colocar en igual posición a Facenda pública que un acredor privado.

Ademais, elimínanse os límites de venda en expendedorías e máquinas expendedoras dando maior axilidade á comercialización dos elaborados.

Tamén se estableceron regras sobre o cambio de situación, limitando a discrecionalidade do órgano regulador; e acúrtanse as distancias entre expendedorías a prol de conseguir unha maior competencia no mercado.

A clasificación de expendedorías atende á nova realidade, eliminando algúns tipos afectados pola Lei 28/2005 e concretando os conceptos do resto.

Acorde coas maiores exixencias para o acceso á actividade de venda con recarga, elimínase a autorización

provisional que contiña o anterior real decreto, para evitar que a venda en lugares non autorizables tivese indicios de lexitimidade.

Outra novidade é a regulación específica das máquinas expendedoras; establécese o rexistro destas, obrigado tras a aprobación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Así mesmo, régúlase o abastecemento da segunda canle tendo en conta a incidencia da posibilidade de realizar o transporte por parte dos expendedores.

Por último, o título III, dedicado ás infraccións e sancións, é o título menos afectado por esta nova redacción, dado que neste ámbito se limita a adaptar o real decreto aos cambios introducidos na Lei 13/1998, do 4 de maio, pola Lei 24/2005, do 18 de novembro. Así, estableceuse a reincidencia no transporte a puntos non asignados como infracción moi grave, introducíndose como infracción grave o transporte polo expendedor a puntos de venda non asignados.

Consecuentemente coa importancia das novidades introducidas na citada lei, e para conseguir a maior eficacia e funcionamento do mercado, procede aprobar o correspondente desenvolvemento regulamentario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2007,

DISPÕO :

Artigo único. Modificación do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre.

O Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, que desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre, modifícase nos seguintes termos,

Un. A alínea a) do número un do artigo 2 queda redactada do seguinte xeito:

«a) Ter solicitada a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, ou incursos en procedementos de constrinximento como debedor de calquera Administración pública.»

Dous. O artigo 5 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 5. Réxime xurídico do comercio por xunto de elaborados de tabaco.

A licenza para a comercialización ou distribución por xunto de elaborados de tabaco outórgaa o Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de acreditación por parte de petionario da súa capacidade de prestación do servizo, entendéndose por tal o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Capacidade técnica, empresarial, contable e financeira proporcionada ao volume de negocio previsto, que se avaliará por aplicación das condicións e parámetros previstos para os fabricantes no artigo 3, número dous, alíneas a) e b), deste real decreto.

b) Disponibilidade de uso de almacéns en territorio alfandegueiro español que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguranza, dos produtos, así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos. Para avaliar o cumprimento deste requisito haberá que aterse ao disposto no artigo 3, número dous, alínea c) e número tres, deste real decreto.

c) Posibilidade de utilización de medios de transporte, propios ou alleos, que permita a regular distribución dos elaborados ata as expendedorías.»

Tres. O artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7. *Obrigas materiais comúns dos operadores.*

Un. No desenvolvemento da súa actividade, fabricantes, importadores e distribuidores por xunto están obrigados ao cumprimento das disposicións ditadas en xeral en relación coa instalación e funcionamento de instalacións fabrís e comerciais, en especial as de carácter sanitario e as relativas aos impostos especiais de fabricación, e en particular as contidas neste real decreto.

Dous. Correspóndelle ao Ministerio de Economía e Facenda, a través do organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, a inspección e control do cumprimento polos fabricantes, importadores e distribuidores por xunto do establecido neste real decreto e as súas normas de desenvolvemento.

Para iso deberá permitirlle o acceso aos seus almacéns e instalacións ao persoal ao servizo do comisionado e prestar a máxima colaboración para o cumprimento das súas funcións. Non obstante, cando se requira o acceso ao domicilio efectivo de persoas físicas ou xurídicas, será necesario o consentimento do interesado ou a previa obtención do oportuno mandamento xudicial.

Tres. Os fabricantes e importadores deberán garantir a subministración de elaborados, realizando unha axeitada xestión de existencias que permita manter suficiente marxe de seguranza sobre as vendas previstas para o período entre subministracións a expendedorías.

Catro. Entenderase por marquistas, para os efectos deste real decreto, os propietarios, licenciarios, representantes ou axentes en España das distintas marcas de elaborados de tabaco.»

Catro. O artigo 8 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 8. *Obrigas formais comúns dos operadores.*

Un. Os fabricantes, importadores e distribuidores porán á disposición do Comisionado para o Mercado de Tabacos, cando lles sexa requirido por este e para o exercicio das competencias establecidas no artigo 5 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e se regula o Estatuto Concesional da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre, cantos documentos, libros e rexistros leven en cumprimento da normativa fiscal, así como a información pormenorizada sobre a orixe e destino dos produtos do seu tráfico, incluíndo os documentos xustificantes das correspondentes operacións.

Dous. Para os efectos anteriores o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá establecer o deseño dos sistemas para o intercambio de información, así como os mecanismos de seguranza a utilizar de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común;

no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Cinco. O artigo 10 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 10. *Publicidade e promoción de elaborados do tabaco.*

Un. Os operadores no mercado de tabacos só poderán desenvolver as actividades publicitarias e promocionais nos termos establecidos no artigo 6.un da Lei 13/1998, do 4 de maio, desenvolvidos por este real decreto, e coas limitacións previstas no capítulo III da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, e nas normas que desenvolvan esta.

Dous. A promoción de marcas ou produtos do tabaco nas expendedorías só se poderá realizar no seu interior e en ningún caso poderá ser retribuída, nin discriminatoria entre produtos, marcas ou fabricantes, non se podendo desenvolver ningunha actividade publicitaria de elaborados de tabaco fóra da promoción, tal como queda especificado no artigo 11.

Tres. Non se poderán incluír nos establecementos onde se atopen os puntos de venda con recarga, nin nas máquinas expendedoras, logotipos, rótulos ou elementos identificativos de fabricantes, marquistas ou distribuidores así como a publicidade das súas marcas e produtos, agás a información que corresponda para a identificación das canles nas máquinas expendedoras. Os interruptores ou botóns das máquinas expendedoras exhibirán unha reprodución total dun paquete de tabaco en que se mostre a marca. Adicionalmente poderán mostrar o seu prezo de venda ao público coa recarga estipulada xa incluída. O tamaño da información ou identificación dos produtos do tabaco nos interruptores ou botóns das máquinas expendedoras non poderá ser superior ao da metade dun paquete de tabaco estándar.

Catro. Todas estas actividades non poderán ter como destinatarios os menores de idade.»

Seis. Modifícase o número un e o número cinco do artigo 11 e engádesse a este un número seis; todos eles quedan redactados do seguinte xeito:

«Un. Permitírase, no interior das expendedorías, logo de comunicación ao Comisionado para o Mercado de Tabacos, a teor de establecido no artigo 6 de Lei 13/1998, e no artigo 9.1.b) da Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, a actividade promocional de produtos do tabaco, sempre que non sexa retribuída e que non supoña a distribución gratuíta de tabaco ou de bens e servizos exclusivamente relacionados con produtos do tabaco ou co hábito de fumar ou que leven aparelados nomes, marcas, símbolos ou calquera outro signo distintivo que sexa utilizado para os produtos do tabaco. En todo caso, o valor ou prezo dos bens ou servizos citados non poderá ser superior ao cinco por cento do prezo dos produtos do tabaco de que se pretenda facer promoción.

Cinco. A información á rede comercial retalista será lícita sempre que respecte os principios seguintes: poderase realizar sempre que non supoña dádiva ou incentivo material ningún para o titular do establecemento. Non se considerará que existe tal

incentivo na entrega dos chamados kits de presentación de produtos, limitados a unha unidade de produto e a documentación e ferramenta accesoria á presentación, sempre que non teñan valor venal, nin intrinsecamente apreciable

Seis. A información na rede comercial retalista de expendedorías será lícita sempre que se respecten os seguintes principios: poderase realizar información na rede, dirixida ao consumidor, sexa a través de carteis, catálogos e similares, como por medio de axentes de promoción, sempre que o titular da expendedoría consinta niso –non podendo a súa negativa ser parcial só contra determinadas marcas ou operadores–, e a actividade informativa se distribúa de xeito neutral entre as distintas expendedorías da zona.

En calquera caso será de obrigado acatamento calquera límite á promoción imposto pola normativa sanitaria. En particular, as ditas actividades non se poderán realizar nos escaparates nin se estender fóra dos devanditos establecementos, nin se dirixir ao exterior.»

Sete. Engádese un novo número tres ao artigo 13 coa seguinte redacción:

«Tres. Os fabricantes deberán garantir que os seus produtos cheguen ao ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, de Lei 13/1998, sempre que exista demanda destes.»

Oito. O artigo 14 do Real decreto 1199/1999 queda sen contido.

Nove. Engádese un novo número tres ao artigo 15 coa seguinte redacción:

«Tres. Os importadores deberán garantir que os seus produtos cheguen ao ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, da Lei 13/1998, sempre que exista demanda destes.»

Dez. O artigo 16 do Real decreto 1199/1999 queda sen contido.

Once. O número 1 do artigo 17 queda redactado da forma seguinte:

«1. Subministrar elaborados de tabaco exclusivamente ás expendedorías de tabaco e timbre situadas no ámbito territorial a que se estende a súa licenza, aos prezos establecidos para a venda ao público con dedución da marxe do expendedor que corresponda de acordo coa normativa vixente, sen conceder ningún tipo de bonificacións ou incentivos.»

Doce. O número un do artigo 18 queda redactado do seguinte xeito:

«Un. O distribuidor por xunto subministrará os elaborados cuxa distribución se realice con regularidade e garantía de cobertura das subministracións, en similares condicións de servizo e prazos de entrega para todos os expendedores.

Enténdese por regularidade a subministración coa periodicidade fixada no punto dous seguinte, e, ademais, sempre que o pedido alcance o mínimo establecido no punto tres deste artigo, aínda que non transcorrese o período máximo de subministración.»

Trece. O artigo 20 do Real decreto 1199/1999 queda sen contido.

Catorce. O artigo 21 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21. *Obrigas formais dos distribuidores. Declaracións.*

Un. Os distribuidores por xunto de elaborados de tabaco deberán formular obrigatoriamente, nos

dez primeiros días de cada mes, declaración, ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, comprensiva dos resumos de operacións, en que se consignarán, debidamente detalladas no ámbito provincial, por unidades físicas e valor, a prezo de venda ao público, as vendas de elaborados efectuadas no devandito período, así como os aprovisionamentos que houbese nel referidos ao mes inmediato anterior.

Dous. No mes de xaneiro de cada ano os distribuidores presentarán unha declaración resumo anual dos extremos a que se refire o punto anterior, así como un resumo anual de vendas en que, por cada expendedoría, se consignará o seu respectivo importe.»

Quince. O artigo 22 do Real decreto 1199/1999 queda sen contido.

Dezaseis. O artigo 25 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 25. *Autorizacións de venda con recarga.*

Un. O Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá autorizar a venda con recarga polo miúdo de tabaco a quen sexa titular dun establecemento mercantil que non se atope incurso nalgunha das prohibicións establecidas na normativa sanitaria, e que sexa dalgunha destas categorías:

a) Quioscos de prensa situados na vía pública
b) Bares e restaurantes e demais establecementos de restauración pechados sempre que:

1. Dispoñan dunha superficie útil destinada a clientes ou visitantes igual ou superior a cen metros cadrados e habiliten zonas para fumar; ou, non dispoñendo da devandita superficie, permitan fumar.

2. Estean situados no interior de centros comerciais, separados do resto das súas dependencias e se habilite, sexa cal sexa a súa superficie, zona para fumar.

c) Hoteles, hostais e establecementos análogos.

d) Salas de festa, establecementos de xogo ou de uso público en xeral, durante o horario ou intervalo en que non se permita a entrada a menores de 18 anos.

As máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán situar no interior de locais, centros ou establecementos onde non estea prohibido fumar.

Dous. A venda só se poderá realizar mediante o emprego de máquinas expendedoras. Estas deberán estar situadas no interior dos locais, centros ou establecementos autorizados e en situación que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores, debendo estes, en todo momento e de forma inmediata, dispoñer dos medios de apertura da máquina expendedora que permita a inspección desta polos funcionarios do comisionado e demais órganos competentes.

Excepcionalmente, poderase vender de forma manual, tratándose de xarutos e xarutiños provistos de capa natural, nos bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados, cunha superficie útil destinada a clientes ou visitantes igual ou superior a cen metros cadrados, salvo os que se achen situados no interior de centros ou dependencias onde existe unha prohibición total de fumar, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladoras da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Tres. Esta venda realizarase coa recarga que sobre os prezos de venda en expendedoría estableza o Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de consulta a comité consultivo. A devandita recarga redondearase en múltiplos de cinco céntimos de euro e publicarase para o seu coñecemento xeral e eficacia.

A explotación e xestión da autorización farase a risco e ventura, de forma directa, polo autorizado.

No caso de que no mesmo establecemento se vendese tabaco con recarga en dous ou máis puntos diferentes, cada un dos puntos de venda deberá solicitar e obter a correspondente autorización. Non obstante, a expendición manual de xarutos ou xarutiños, cando sexa realizada por un titular de autorización para a venda con recarga mediante a utilización de máquina, estará comprendida naquela autorización, sempre que estea permitida legalmente a venda manual de xarutos e xarutiños.»

Dezasete. O parágrafo primeiro do número dous do artigo 26 queda redactado da forma seguinte:

«Dous. A concorrencia dalgunha das circunstancias inhabilitantes a que se refire o punto anterior, acaecida no período a que se estende a concesión, determinará a inmediata revogación desta salvo que, en supostos de non estar ao corrente nas obrigas tributarias ou da Seguridade Social a Administración opte de forma que faga fe polo embargo da concesión. Igual norma será aplicable para o suposto de que se acredite a falsidade dos documentos e datos en virtude dos cales se obtívase a concesión. En ambos os dous supostos requirirase a instrución de expediente por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos e a audiencia do interesado.»

Dezaioito. Modifícase a alínea e) do artigo 30 e engádense a este dúas novas letras, f) e g) quedando todas elas redactadas do seguinte xeito:

- «e) A revogación da concesión, logo de instrución do expediente correspondente.
- f) O vencemento do prazo concesional.
- g) As demais causas establecidas en dereito.»

Dezanove. O artigo 32 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 32. *Prohibicións de venda en determinados lugares.*

Un. Non poderán existir expendedorías nos lugares onde exista prohibición de fumar.

Dous. Non poderán existir puntos de venda con recarga nos lugares onde exista prohibición total de fumar nin nos lugares onde, malia a prohibición, se permita habilitar zonas para fumar, salvo en:

- a) Hoteis, hostais e establecementos análogos.
- b) Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados, cunha superficie útil destinada a clientes ou visitantes igual ou superior a cen metros cadrados.
- c) Salas de festa, establecementos de xogo, ou de uso público en xeral, durante o horario ou intervalo temporal en que non se permita a entrada a menores de dezaioito anos, salvo nos espazos ao aire libre.

Tres. Así mesmo, non se poderán conceder novas expendedorías naqueles lugares onde, malia a prohibición, se poidan habilitar zonas para fumar.»

Vinte. Suprímese o primeiro parágrafo do artigo 33 e modifícanse os números un, dous, tres e catro deste que quedan redactados do seguinte xeito:

«Un. Os puntos de venda que constitúen a Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre do Estado clasifícanse en: xerais e de carácter complementario.

Dous. Teñen consideración de expendedorías xerais os establecementos comerciais instalados en locais independentes, que teñan por obxecto principal a venda ao consumidor, aos prezos de tarifa dos produtos ou documentos indicados no artigo 31, números un a tres.

Tres. Denomínanse expendedorías de carácter complementario as que se autoricen naquelas localidades ou núcleos de poboación, en especial en zonas rurais, onde polo seu reducido número de habitantes, escasa rendibilidade prevista ou calquera outra causa, non resulte viable a instalación dunha expendedoría xeral.

Estas expendedorías situaranse necesariamente nun establecemento mercantil da localidade de que se trate, onde a venda dos produtos monopolizados constitúe unha actividade complementaria da comercial que, con carácter principal, aquel desenvolva.

En todo caso será necesario que o establecemento comercial non estea incurso en ningunha das prohibicións establecidas na normativa vixente en materia sanitaria.

Catro. Cando as circunstancias económicas ou comerciais da explotación dunha expendedoría complementaria ou as demográficas da localidade en que estea situada o aconsellaren, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá proceder á súa conversión en xeral, así como, se é o caso, a convocar unha nova praza de expendedoría xeral, ou complementaria, con respecto en todo caso aos principios establecidos no artigo 35 e seguintes.»

Vinte e un. O artigo 35 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 35. *Regras xerais para a provisión de expendedorías.*

Un. As expendedorías proveranse por concurso público entre as persoas que reúnan os requisitos e non estean incursas nas circunstancias que neste real decreto se mencionan.

A convocatoria do concurso que se aprobará mediante resolución da Subsecretaría de Economía e Facenda, publicada no Boletín Oficial del Estado, determinará as zonas ou polígonos onde proceda a instalación de expendedorías. Na fixación das devanditas zonas teranse en conta os criterios de atención ao público, suficiente e adecuada localización xeográfica das expendedorías e de rendibilidade razoable das expendedorías circundantes xa existentes e das de nova creación. Os pregos de concesións aprobaranse con ocasión de cada convocatoria.

As bases do concurso deberán ser non discriminatorias, obxectivas e transparentes, fundándose principalmente a adxudicación das novas prazas en criterios comerciais, de rendibilidade, de servizo público, de salubridade, de distancias entre expendedorías e de poboación.

Dous. A distancia mínima entre expendedorías será de 150 metros.

Nos pregos de condicións dos concursos de expendedorías poderanse establecer distancias mínimas inferiores ás sinaladas no parágrafo anterior se as circunstancias de rendibilidade da zona e

as exixencias do servizo o aconsellan, entendéndose que tales requisitos non se cumpren respecto da proximidade a expendedorías cuxo volume de negocio de produtos de tabaco no exercicio precedente sexa inferior a tres veces a media do municipio, ou, alternativamente, a tres veces a media provincial das expendedorías da súa clase, debendo aterse ao disposto no artigo 33 deste real decreto para a determinación da clase de expendedoría de acordo coa tipoloxía neste establecida.

Tres. A valoración das ofertas presentadas realizarase baseándose en criterios de mellor comercialidade, apreciándose no seu conxunto os valores ofertados, sempre que se atopen dentro dos mínimos que se establezan no prego de condicións vixente para cada concurso.

Para tales efectos, nos pregos de condicións indicaranse as circunstancias valorables en cada caso para a adxudicación da concesión, podéndose, a título exemplificativo, incluír as seguintes:

- 1.^a Intensidade peonil e de concentración de comercio na zona.
- 2.^a Distancia a outro punto de venda.
- 3.^a Superficie útil do local.
- 4.^a Superficie destinada á atención ao público.
- 5.^a Almacéns e condicións de conservación dos produtos.
- 6.^a Fachada exterior.
- 7.^a Condicións de ornamentación e estética.
- 8.^a Distancia a centros docentes segundo se especifique no prego de condicións.

Catro. Nos novos concursos que teñan por obxecto a convocatoria de expendedorías co prazo concesional vencido valorarase, nos termos que se determinen na convocatoria, ata un máximo do vinte e cinco por cento da puntuación total ao anterior concesionario da expendedoría convocada, segundo os seus méritos e a calidade do servizo prestado.»

Vinte e dous. O artigo 36 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 36. *Regras específicas para a provisión de expendedorías de carácter complementario.*

Un. As expendedorías de carácter complementario proveraas a Subsecretaría de Economía e Facenda, logo de informe e proposta do Comisionado para o Mercado de Tabacos, mediante concurso en favor de comerciantes individuais con establecemento na localidade de que se trate, sempre que se dean nos peticionarios as circunstancias expresadas nos artigos 26.un e 33.tres deste real decreto, que os establecementos propostos non se atopen incursos en ningunha das prohibicións establecidas pola lexislación sanitaria, e que os produtos comercializados non prexudiquen a conservación dos elaborados de tabaco nin dos efectos timbrados; de acordo coas condicións que se establezan no clausulado do prego.

Á convocatoria do concurso daráselle publicidade expoñendo os oportunos anuncios por un período de trinta días naturais nos concellos respectivos ou nas súas alcaldías pedáneas.

Dous. En calquera caso será preciso, previamente á adxudicación, informe do Comité Consultivo do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Tres. Nos novos concursos que teñan por obxecto a convocatoria de expendedorías co prazo concesional vencido valorarase, nos termos que se determinen na convocatoria, ata un máximo do vinte e cinco por cento da puntuación total ao ante-

rior concesionario da expendedoría convocada, segundo os seus méritos e a calidade do servizo prestado.»

Vinte e tres. O artigo 37 terá a seguinte redacción:

«Artigo 37. *Reglas de provisión e funcionamento dos puntos de venda con recarga.*

Un. O titular dun establecemento mercantil aberto ao público, que desexe obter unha autorización de venda con recarga para a expedición dos produtos no devandito establecemento, deberallo solicitar ao organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, seguindo o procedemento que se estableza mediante resolución do citado organismo.

Dous. O solicitante deberá seleccionar unha expendedoría de entre as previstas no artigo 42.dous deste real decreto. A expendedoría seleccionada comprobará o cumprimento do requisito establecido no citado artigo, responsabilizándose baixo a súa sinatura e selo que é unha das tres máis próximas ao punto de venda solicitado, conforme o mencionado artigo.

Tres. Unha vez selada e devolta a solicitude, procederase ao ingreso previo do importe da taxa e a remitirle a documentación ao comisionado a través dos medios a que se refire a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A subscrición da solicitude supón o recoñecemento expreso por parte do titular do establecemento de non se atopar incurso en ningunha das prohibicións en materia sanitaria establecidas polo ordenamento xurídico.

Catro. A negativa á subministración por parte do expendedor, ou á selaxe da solicitude, así como a inclusión de datos falsos ou inexactos constituirá infracción tipificada nos artigos 7.tres, 2 a) e d), da Lei 13/1998, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, sendo sancionados como infracción grave.

Cinco. Ata que non fose outorgada a autorización pertinente, non se poderá subministrar por parte do expendedor designado, nin vender por parte do solicitante da autorización produtos do tabaco.

Seis. En caso de ser denegada a autorización, o comisionado procederá á devolución do ingreso previo efectuado.

Sete. O autorizado para a venda con recarga deberá cumprir as seguintes normas de funcionamento:

1. A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:

a) Uso: prohíbeselles aos menores de dezaioito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco.

b) Situación: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán situar, sempre baixo vixilancia directa e permanente:

No interior de quioscos de prensa situados na vía pública.

No interior de locais, centros ou establecementos onde non estea prohibido fumar, así como naqueles a que se refiren as alíneas b), c) e d) do artigo 8.1 Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. Non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais,

como son as zonas de cortaventos, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmovible pero non constitúen propiamente o interior deste.

2. Unicamente se permitirá a venda manual nos establecementos autorizados respecto dos xarutos e xarutiños de capa natural.»

Vinte e catro. Suprímese o número cinco do artigo 38 e modifícase o número dous, que queda redactado do seguinte xeito:

«Dous. O almacenamento dos produtos debe realizarse nos lugares onde radiquen as correspondentes expendedorías ou puntos de venda con recarga. Admitirase a utilización doutros locais logo de autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos, consideradas as circunstancias que concorran en cada caso.»

Vinte e cinco. Engádese un novo artigo 38 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 bis. *Réxime das máquinas expendedoras.*

Un. Máquina expendedora será todo dispositivo que realiza as funcións de entrega ao consumidor dos elaborados e produtos do tabaco de forma automática.

As máquinas expendedoras deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Na superficie frontal das máquinas figurará, de forma clara e visible, en castelán e nas linguas cooficiais das comunidades autónomas, unha advertencia sanitaria sobre os prexuízos para a saúde derivados do uso do tabaco, especialmente para os menores, de acordo coas características que sinalen as normas autonómicas no seu respectivo ámbito territorial.

2. Para garantir o uso correcto destas máquinas, deberán incorporar os mecanismos técnicos axeitados que permitan impedir o acceso aos menores de idade.

Os mecanismos técnicos axeitados deberán ser designados previamente polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

3. Nestas máquinas non se poderán subministrar outros produtos distintos do tabaco.

4. As máquinas expendedoras de produtos do tabaco inscribíranse nun rexistro especial xestionado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Os fabricantes e importadores de máquinas expendedoras de elaborados de tabaco porán en coñecemento do comisionado a comercialización de novos modelos, co obxecto de que o devandito organismo comprobe o correcto funcionamento do prototipo de acordo coas súas especificacións e que cumpre cos requisitos establecidos pola normativa sanitaria e por este real decreto. Comprobados os devanditos datos, procederá a autorizar a comercialización e asignarase un código estatístico para o rexistro dos correspondentes modelos.

O solicitante dunha autorización para a venda con recarga deberá solicitar a inscrición da máquina se esta non estivese inscrita no rexistro.

Dous. O organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos levará un rexistro de máquinas expendedoras onde se inscribírán por instancia de parte todas as máquinas expendedoras de tabaco que entren en funcionamento no mercado, así como os cambios autorizados que se pro-

duzan na súa titularidade ou nas súas características, mentres estean en funcionamento.

A organización e funcionamento do rexistro de máquinas expendedoras serán determinados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Tres. A inscrición no rexistro realizarase con ocasión da primeira solicitude de autorización de punto de venda con recarga, segundo o modelo de impreso aprobado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Catro. O autorizado para a venda con recarga con máquina expendedora que cese na súa explotación deberallo comunicar ao comisionado cunha antelación de 15 días.

A devandita obriga tamén deberá ser cumprida no caso de calquera transmisión de titularidade da máquina.»

Vinte e seis. Engádese un número cinco ao artigo 39 coa seguinte redacción:

«Cinco. Entenderase incluída na área de actuación de calquera expendedoría aquela nova localización que se atope, respecto da orixinaria, a unha distancia inferior a 1.500 metros.»

Vinte e sete. O artigo 40, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 40. *Modificacións nas autorizacións de venda con recarga.*

Un. A autorización para puntos de venda con recarga poderá ser modificada nos seguintes supostos de cambio:

1. De situación do local.
2. De máquina expendedora.
3. De expendedoría de subministración.

Dous. En calquera dos casos a que se refire o punto anterior, as respectivas circunstancias deberán notificarse ao Comisionado para o Mercado de Tabacos antes de se producir ou, como máximo, no prazo dos 30 días seguintes ao cambio producido. A comunicación realizarase directamente ao comisionado, que informará debidamente a expendedoría anteriormente asignada para a subministración ou a que correspondese se o cambio de localización supuxese obrigatoriamente o cambio daquela.»

Vinte e oito. Os números un, dous, tres e catro do artigo 42 quedan redactados do seguinte xeito:

«Un. Os titulares de expendedorías terán liberdade para adquirir directamente dos distribuidores por xunto, e unicamente deles, os tipos e cantidades de tabaco que consideren necesarios para atender a súa normal demanda sen discriminar por razón da súa orixe marcas nin produtos.

Polo que respecta á adquisición de efectos timbrados e signos de franqueo, os expendedores relacionarase directamente cos adxudicatarios do contrato de distribución por xunto de efectos timbrados ou signos de franqueo, segundo as previsións da disposición adicional sexta da Lei 13/1998, do 4 de maio.

O Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá establecer, atendidas as circunstancias dos diversos tipos de expendedorías, normas sobre variedades mínimas.

Dous. Os titulares de autorización para a venda con recarga deberán abastecer necesariamente aos prezos de tarifa na expendedoría do termo municipal ou, se é o caso, entidade local menor de que se trate que, para tal efecto e en cada caso, sexa asignada por petición do titular do punto de venda

con recarga de entre as tres máis próximas ao local cuxo servizo se pretende atender. Tratándose de xarutos a elección poderase facer entre as tres expendedorías máis próximas que dispoñan das instalacións axeitadas para a súa conservación, con diversidade de bitolas, e que garantan unha subministración inmediata.

Enténdese por subministración inmediata aquela que se realiza, de forma habitual, directamente do stock da expendedoría.

Tres. A venda e circulación de elaborados de tabaco deberán ir acompañadas da súa correspondente factura. Exceptúase deste requisito a venda realizada directamente ao consumidor por establecementos da rede retalista en cantidades inferiores a 800 cigarros, 200 unidades se se trata de xarutos, 400 unidades no caso de xarutiños, ou 1 quilogramo dos demais elaborados de tabaco.

Os certificados de venda ou facturas, que se deberán expedir por duplicado, conservaraos o autorizado para a venda con recarga e a expendedoría de subministración durante un período dun e tres anos, respectivamente.

O certificado de venda ou factura amparará a circulación do produto e a súa tenza no punto de venda con recarga, durante o prazo de quince días contados desde a data da súa expedición. Os produtos contidos nas máquinas expendedoras ou expostos para a venda no punto de venda con recarga, unida á posesión da correspondente factura con antigüidade non superior a quince días, acreditará a procedencia do produto da expendedoría oficialmente asignada para a subministración e a súa non procedencia no caso contrario.

Catro. A adquisición e transporte de elaborados con destino aos puntos autorizados para a venda con recarga deberán realizar con suxeición ás normas establecidas neste decreto persoalmente polo titular da autorización ou polos seus familiares vinculados ao negocio, ou polos seus dependentes, uns e outros autorizados expresamente para o efecto; non obstante, o transporte dos elaborados poderá ser realizado polo titular da expendedoría, polos seus familiares vinculados ao negocio ou polos seus dependentes, tamén autorizados expresamente para o efecto. O autorizado para a venda con recarga responderá directamente da xestión das persoas autorizadas para a adquisición e transporte do tabaco.

Excepcionalmente, nos casos en que o abastecemento de elaborados de tabaco aos puntos de venda con recarga autorizados non o poidan realizar as persoas citadas no parágrafo anterior, tanto o expendedor como o autorizado para a venda con recarga poderanse valer de mandatarios para o transporte, apoderados expresamente por escrito, respondendo da súa xestión como se fose realizada persoalmente polo mandante. Nos devanditos casos, comunicaráse ao comisionado a identidade dos mandatarios.»

Vinte e nove. Os números dous e tres do artigo 45 quedan redactados do seguinte xeito:

«Dous. Dentro do prazo de concesión, as expendedorías poden ser transmitidas a calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario e non se ache incurso en circunstancias que se mencionan nesta norma con carácter xeral.

Tres. As concesións transmitidas desde a entrada en vigor da Lei 24/2005 terán unha vixencia temporal de vinte e cinco anos, contados desde a data da primeira transmisión que se produza desde a entrada en vigor da devandita lei. Dentro deste

prazo, e polo prazo que falte, as expendedorías poden ser obxecto doutras transmisións a calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario, logo de autorización de Comisionado para o Mercado de Tabacos.»

Trinta. Engádese un novo número seis ao artigo 46 e modifícanse os números un e dous do artigo 46 quedando todos eles redactados do seguinte xeito:

«Un. A transmisión inter vivos da titularidade a favor de calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario só se poderá realizar cando o titular cedente a exercecese efectivamente durante un período mínimo de cinco anos, salvo caso de incapacidade sobrevida, e non estivese incurso nun procedemento sancionador por infracción a esta normativa.

O titular deberá solicitar autorización para a transmisión ao Comisionado para o Mercado de Tabacos especificando a identidade da persoa proposta para sucedelo. A designación obrigatoriamente deberase realizar en documento público onde conste o valor do ben transmitido.

Dous. No suposto de transmisión mortis causa o sucesor, que deberá ser designado en testamento ou documento público, deberá realizar idéntica solicitude á prevista no parágrafo anterior no prazo de tres meses seguintes ao falecemento. No suposto de falta de previsión polo causante corresponderá aos coherdeiros por maiorías, dentro de cada grao e de acordo coa preferencia establecida polo Código civil, a elección da persoa de entre elas chamada á titularidade da expendedoría. A devandita designación e a correspondente solicitude deberase efectuar necesariamente no prazo de catro meses seguintes ao falecemento do causante.»

«Seis. A transmisión consecuencia dun embargo administrativo rexerese polas regras previstas neste artigo, e deberá cumprir, en todo caso, os demais requisitos establecidos neste real decreto.»

Trinta e un. O punto 5 do artigo 56 queda redactado do seguinte xeito:

«5. A comisión de dúas ou máis infraccións graves por subministración ou transporte polo expendedor a un punto de venda con recarga non asignada.»

Trinta e dos. A alínea e) do punto 5 do artigo 57 queda redactada do seguinte xeito:

«e) A subministración ou transporte a puntos de venda con recarga distintos dos que tivese regulamentariamente adscritos, ou que non dispuxesen de autorización ou que esta se atopase caducada, así como a realización de actividades comerciais que excedan o ámbito propio da concesión como a venda a distancia ou por medios telemáticos ou mediante exportación ou a outras expendedorías.»

Disposición adicional primeira. *Adaptación do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre, ao Real decreto 1552/2004, do 25 de xullo, que desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Facenda.*

As referencias que se realizan no texto anterior do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, á Secretaría de Estado de Facenda, débense entender realizadas á Subsecretaría de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda. *Conversión a euros das cantidades fixadas no Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

Os importes en pesetas establecidos polo Real decreto 1199/1999 terán as seguintes equivalencias:

100.000 pesetas	601,01 euros
500.000 pesetas	3.005,06 euros
2.000.000 pesetas	12.020,24 euros
20.000.000 pesetas	120.202,42 euros
50.000.000 pesetas	300.506,05 euros

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para as expendedoras afectadas polas limitacións na venda e o consumo do tabaco polo artigo 32 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

Non obstante o establecido no artigo 32.1 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre, as expendedoras dos centros comerciais manteranse ata a extinción da concesión correspondente.

O resto das expendedoras afectadas polas limitacións do artigo 32 deberán cambiar de localización, respectando as normas previstas para o cambio de localización, ampliando as distancias establecidas para a área de actuación un cincuenta por cento. Excepcionalmente, nos supostos en que non existan núcleos de poboación suficientes nas distancias establecidas, o Comisionado para o Mercado de Tabacos determinará a zona máis próxima onde se poida situar a expendedora afectada.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das expendedoras de titularidade de persoas xurídico-privadas.*

Un. Ata o vencemento da concesión polo transcurso do prazo de 25 anos desde a entrada en vigor da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, seguirán subsistindo as expendedoras titularidade de persoas xurídico-privadas.

Dous. As ditas concesións non poderán ser transmitidas baixo ningún suposto, e a extinción da persoa xurídico-privada suporá a extinción automática da concesión.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Á entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas todas as disposicións que se opoñan ao disposto nel.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

1221 *REAL DECRETO 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. («BOE» 18, do 20-1-2007.)*

As ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, teñen por finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño. Son ensinanzas artísticas, entre outras, as ensinanzas profesionais de música e de danza. A lei establece que estas ensinanzas se organicen, unhas e outras, nun grao profesional de seis cursos de duración.

Considerando o avance que para as ensinanzas de música supuxo a normativa emanada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, este real decreto segue fundamentándose no estudo da especialidade instrumental ou vocal, que actúa como eixe vertebrador do currículo e, á vez, pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible. Abórdanse así mesmo medidas que permitan a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, considérase a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e facúltanse as administracións educativas para a adopción de diferentes solucións a este respecto.

No que se refire á apertura das ensinanzas de música, este real decreto crea unha nova especialidade relacionada co flamenco e novas especialidades relacionadas coas ferramentas conceptuais que propoñen as novas estéticas das artes escénicas. Todo iso sen prexuízo de que as administracións educativas poidan seguir solicitando a ampliación de especialidades instrumentais ou vocais por razóns derivadas da súa raíz tradicional ou grao de interese etnográfico e complexidade do seu repertorio, ou polo seu valor histórico na cultura musical europea e grao de implantación no ámbito territorial correspondente.

Outra novidade deste real decreto é o tratamento da práctica musical de conxunto. En efecto, tendo en conta a individualidade que require o estudo dun instrumento ou do canto, o currículo debe albergar materias que transcendan este compoñente unipersoal da práctica musical e que introduzan elementos colectivos ata agora definidos pola orquestra, polo coro e pola música de cámara. A adquisición da técnica do instrumento ou do canto e á formación dos criterios interpretativos propios únense fórmulas de práctica musical en grupo como verdadeira ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas e cantantes.

En canto aos contidos das especialidades instrumentais e vocais, mantense a necesidade de conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Este proceso complexo de educación artística debe ter en conta que os contidos esenciais na formación dun músico que se expresa a través dun instrumento ou do canto están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos, e que o seu desenvolvemento se realiza non tanto pola adquisición de novos elementos como polo afondamento permanente deles. Nesta traxectoria, o grao de dificultade interpretativa virá determinado pola natureza das obras que en cada tramo do proceso se seleccionen.

En relación cos criterios de avaliación, estes establecen o tipo e grao de aprendizaxe que se espera que alcancen os alumnos nun momento determinado respecto dos